

**Uxío Novoneyra. *Poemas da doada certeza
i este brillo premido entre as pálpebras***

Ernesto Vázquez Souza

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VÁZQUEZ SOUZA, ERNESTO (2011 [1995]). “Uxío Novoneyra. *Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1994, 224-229. Reedición en [poesiagalega.org](http://www.poesiagalega.org). *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1495>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VÁZQUEZ SOUZA, ERNESTO (1995). “Uxío Novoneyra. *Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1994, 224-229.

* Edición dispoñible desde o 24 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de [poesiagalega.org](http://www.poesiagalega.org) coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en [poesiagalega.org](http://www.poesiagalega.org) pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Úxío Novoneyra. Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras
A Coruña: Espiral Maior

Ernesto Vázquez Souza

Van xa para catro as décadas desde que aquel rapaz alto de bigote revolucionaria o estanco panorama da poesía galega, cortada como “paisaxística”, da posguerra. *Os Eidos*, ese libriño presentado en sociedade por Ramón Piñeiro, como forza da terra e patria, foi inmediatamente saudado por Ramón Otero Pedrayo ou Xosé Luís Méndez Ferrín, os dous de gostoso labio poético. Nestes anos Novoneyra ten consolidado a súa voz nas nosas letras, voz que non se prodiga, pero que non nos abandona.

O pouco que escribo, inda é demasiado se se pensa que cáseque todo está escrito e que só se deberá escribir o que un non pode calar.

Se ben o panorama editorial galego non ten nada a ver cos tristes 50, hai que salientar que nos últimos anos se notaba un esmorecer da nosa poesía. Atoparmos tras da *Estirpe* de Ferrín nada máis e nada menos que unha obra de Novoneyra non é un feito que poida pasar desapercibido. Poucas voces tan distintas e á vez tan propias teñen dado a súa visión dunha mesma terra. Os conxuntos míticos e vivenciais abranguen a estas alturas universos propios que se fornecen metaliteraria e directamente a cada nova xeira, a cada nova saída, a cada novo poemario.

Ten gañado Novoneyra a condición individual de “poeta” dentro dunha xeración que se prolonga no tempo, de poetas inquietos, apaixonados, sempre á procura da integración, da solidariedade co seu pobo, dentro do máis avanzado da comunicación poética.

O mundo poético de Novoneyra non é en si moi extenso, móvese en dúas liñas: home-existencia ou memoria individual (enmarcado por unha natureza espe-.

cialmente determinada); home-sociedade ou memoria colectiva (as relacións e os espacios solidarios); identificadas respectivamente (ou agrupadas simbolicamente) entre O Courel e Compostela. Esta mesma simpleza, esta loita constante en procura da esencia (que se amosa na nominación suxerente, máis que conceptista) é quizais o que lle outorga esa forza poética de grande intensidade e extraordinaria calidade. Un constante “labor limae” crea un mundo de seu, á chamada da súa palabra, unha imaxe suxerida, un movemento, unha secuencia tórnase un fondo sentimento indefinido.

Exemplos das dúas témoslos representados nestes dous poemas de grande forza:

— O existencial que xorde do abandonarse á contemplación. O simple caer dos brazos afecta toda a visión animizada.

*Quedo nevaba.
Tra-la fiestra
deixei cair os brazos*

*O espacio alumouse
e xa non cai neve,
cai o espacio... (p. 49)*

O símbolo do pobo e do traballo, evocación de dobre referente (Imaxe, Maside-obra de Maside) inicial. Simplificado ó máximo “as maos da panadeira de Cesures” e colectivizado nos dous versos finais.

*A CARLOS MASIDE
A panadeira de Cesures!
As maos da panadeira de Cesures!
Volveme falar das maos da panadeira de Cesures
a panadeira de maos de panadeira. (p. 21. 1988)*

Novoneyra confirma a liña desa poesía vivencial, longa, libre de forma, na que manexa sucintamente conceptos de patria e esforzo, dun país que se vai facendo mentres van desaparecendo amigos e as desfeitas se suceden. A súa é unha chamada que se sente, máis que se argumenta, á procura dun apoio e dunha confirmación na terra, no vivido, acuguladas nesas series de nominais e verbais substantivados. Nótase un certo ton de cansazo, entre agoiros e medos suxeridos polo presente e futuro.

Recupera como certeza o saudoso pasado mítico tan grato a Cabanillas como comezo, confírmase na espera á procura da viaxe, esa viaxe mítica, começada hai tempo, desde moitas singraduras símbolo da loita, da resistencia da lingua e da recuperación de toda unha cultura:

*Chegamos eiquí con esta forza
e agardamos non perdela xa
por maior embate ou escuro longo.*

*Sabemos que o misterio i a necesidade nos protexen
e coma na profecía feita ca nosa luz*

*cando un mesmo non vía
volvemos
volveremos proclamar a certeza.* (p. 12)

E a función do vate, do papel do poeta:

O que canta sabe que está seguro como gardado. (p. 13)

Hai unha necesidade que clama polo poeta para contrapesar o control interesado da comunicación polo Estado e polos grupos de poder, hai que suporlle ó poeta o ser dono da palabra desinteresada e xusta, da palabra non pagada e non sempre temerosa, da palabra escapada, da inevitable verdade (Entrevista en *La Voz de Galicia*, 1989)

Proclámanse as certezas, as certezas do amor e o combate pasado. Mais despois das certezas, veñen os temores, o tempo que pasa ¿e vai cara a onde?

*Só a inminencia do posible e más temido
pon a ave á seestra.*

*NINGÚN vento ven do Futuro
ningún vento de vagas voces chega
e menos mingua certeza.*

*Pero un corvo cruza
grañe vai e volve
e xa só estamos certos de esa ameaza.* (1986)

Este poema retoma e confire un valor máis pesimista á cita (*Do Courel a Compostela*, p. 135) que o comeza. A indeterminación do futuro cángase agora de imaxes de medo e ameaza.

Seica este presente non é xa o mesmo futuro que se sentía en *Do Courel a Compóstela*.

o Futuro é un sitio desd'onde ollar pra boxe. (*Do Courel*, p. 114, 1974)

Hai todo un mundo rural, o mundo de *Os Eidos* que comeza a ser substituído, a desaparecer... semella que palabras que sempre foron verdade nas outas terras do Courel onde “sempre foi bosque”, están a ser abaladas neste agora.

*Os vellos camiños cegos.
Rotas deixadas.* (p. 32)

*A un todoterreno
Seguiche-la rota de carros e cabalos
cando eran pais e abós os últimos labregos
aboas e mais as últimas fiadetras
que xa esqueceran o ano do último liño.* (p. 32)

E o presente non se mostra moi favorable, exprésao no poema “A Francisco Rodríguez na cadea”, tomado coma símbolo mártir. As forzas “dos *maos sin lingua*” “Como nos fixeron saber *lingua sin maos!*” (p. 23)

E a sensación de prisión é para todos, para os que son o noso futuro: os nenos.

TROCÁRONLLES ate a face da sua terra que xa era como o propio rostro i os nenos mesmos na defensa báixanse ás pedras.
Atobados pechos na loita secuestrados pola patria. (p. 29)

Nótase unha maior presencia do xogo-cita metaliteraria. Feito que apaña ou que o aproxima ás últimas xeracións. Ás veces, semella un tanto artificioso, un tanto alleo ó máis puro do poeta de *Os Eidos*. Outras veces, pola contra, marca un punto de distancia ou quebra que interesa á hora da denuncia, da lembranza súpeta da dor. Pódese tratar noutros casos dun simple xogo, son moitos os anos, moitos os amigos, moitas as conversas e moitas as citas que valen un recorde, que lembran, recrean e sinalan chaves ó lector, (a cabanillesca lenda de Ith; a viaxe odiseica e manuelantoniana; o faro; Eduarda Lillo; Díaz Castro, Pondal; Maside e Seoane; Shelley; González Garcés; a poesía gaélica —o cuco, o burlón agoiro— e *Os Eidos*, sempre...).

O amor aparece de novo, esfiañado entre outros poemas, non ten grande predominio pero si presencia como refuxio e alento.

<i>Co teu pelo podería tecerse a única cota de mallas contra das noites agudas.</i> (p. 35)	<i>Os beizos a voz o alento os ollos i o pelo.</i> (p. 53)
---	--

A temática social e a amorosa están a estas alturas plenamente incorporadas ó universo de Novoneyra, non xa como retallos engadidos ó particular propio de *Os Eidos*, senón como puntos estructurais que van ampliando a obra do poeta. Nesta nova xeira poética vemos como vai collendo forza o tema do tempo. Do paso do tempo coma forza imparable, fonte de fortes mudanzas e de desmemoria. Frente a el: lingua, poesía e memoria dos amigos-compañeiros.

*ANQUE caia o Monumento á Ausencia
ti quedarás como nós quedaremos
pois xa estamos na Língua
con tódolos rostros do noso pobo
cada un co seu xeito
que se animan e volven cando falamos
coma agora.*

*Invertímo-lo camiño.
Imos
i en nós regresan tódolos que viñeron.* (Viaxe, p. 11)

TODO para logo seres só unha imaxen.

Tápote ca nosa Língua

*para disimular tan pouco bulto.
E nela quedes como quedaremos
como quedaron todos.*

*José de Cospeto
o teu nome xa está posto a extinguir.*

Chamaran-nos Galicia. (Elexía a José de Cospeto, p. 22)

*Despois de mortos
ainda inordiña morremos
e tra-la lembranza
xa só na túa língua quedas. (Requiem por Marta, p. 27)*

Parelo a este reparo flúe unha certa melancolía, de tristura ante o que se vai, plasmado na presencia da “elexía” e do canto fúnebre: *Elexía a José de Cospeto, Elexía a Miguel González Garcés, Elexía por un Souto, A Cristina, Requiem por Marta, A Reimundo Patiño*. Semella como se combatividade e o optimismo estivesen a ser substituídos por unha forma de vago terror polas cousas que se van.

O mellor, non obstante seguen a ser eses versos pendurados na páxina do tempo e do silencio. Eses brados que semellan puros, que xorden da voz e “son soños de lembranzas”. Ese fundirse coa néboa, ser néboa e espacío, sen se saber moi ben o que se é. Nunha comparación constante entre pasado-presente-futuro.

*Deiteime na herba
cas maos nas meixela. (Os Eidos)*

*I estos brazos inda son aqueles
que sosteron no souto a cabeza dos soños? (p. 41)*

So lembrar é volver cando se lembran soños. (p. 42)

O poeta segue a ser un gran suixeridor, un gran captador e comunicador de esencias e realidades, eis a súa mestría inconfundible, observámolo en dúas pinceladas insuperables, cheas de recordos e carácter: comunicándonos o estalo anímico e renovador que supón cada contacto coa obra de Pondal e a figura soberbia, humana e teatral de Ramón Otero, disposta para facer lembrar miles de momentos e anécdotas:

A PONDAL

*OUTRA de novamente
devólveno-la forza
con só o ademán. (1987)*

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO
MOSTRANDO COMPOSTELA DE NOITE

*Baixabamos da Troia
Fixo coincidir a entrada á Quintana
coas doce de Bronce. (p. 48)*

Para finalizarmos, non está de máis sinalar a coidada edición, como as que caracterizan esta colección de poesía, máis se cadra neste caso por ir acompañada polas composicións grafolóxicas que de Novoneyra se reproducen (como vén sendo habitual nas últimas edicións) e polas composicións fotográficas de García Cabezón a ilustraren “Elexía por un Souto”.

Como a súa voz, seguen a ser os seus poemas de ton grave e á vez confidencial, de iniciador, de partícipe. Unha poesía predominantemente fónica, que recupera a noción da poesía para ser recitada e ouvida, que invita á lectura en alta voz, como grupo, en comuñón coa natureza, con todo o aquél de ritual, de liturxia ou drama nos que se ofrecen os contidos, os sons e os silencios. Só unha parte do poema figura explícita, o demais corre da nosa conta, gracias a esa lingua tan particular, voz do poeta.

*NON DE ESCRIBIR. Cantar é d-outro acento
d-outro soño i empeño.* (p. 50)